

AXUDAS A INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN DA USC

CONVOCATORIA INTERNA DE PROXECTOS COLABORATIVOS DE I+D+i

O proceso de reformulación dos Institutos de investigación da USC comezado no 2016 e rematado no 2019 implicou a desaparición de varios Institutos, a reformulación de outros e a renovación das liñas de investigación, gobernanza e comités científicos externos.

Este proceso culmina cunha estratexia de apoio aos Institutos de Investigación recollida na Programación Plurianual da USC (2019-2022) aprobada polo Consello de Goberno. As accións encamiñadas ao fortalecemento dos Institutos recóllense en cinco liñas,

- **Fortalecemento estrutural**
- Desenvolvemento da **Axenda Científica e obxectivos colaborativos**
- Impulso á **Internacionalización**
- Apoio á **xestión e captación de talento**
- Apoio as **iniciativas de visibilización dos Institutos**

Xorde, polo tanto, a necesidade de convocar unhas axudas para a realización de proxectos colaborativos encamiñadas ao fortalecemento dos Institutos no 2020 en liña coas accións propostas máis arriba.

A convocatoria de proxectos de investigación de I+D+i, establécese para promover a colaboración entre grupos dos Institutos de investigación da USC así como contribuír ao desenvolvemento da Axenda Científica do Instituto, abordando os retos definidos na mesma así como os seus obxectivos de posicionamento no entorno.

Para desenvolver estes obxectivos, a Vicerreitoría de investigación da USC acordou a publicación desta convocatoria interna de proxectos, baixo as condicións que de seguido se sinalan.

OBXECTO DA CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO

O obxecto desta convocatoria interna é financiar proxectos colaborativos entre dous ou máis grupos dun Instituto de investigación nun período de tempo curto (6 meses) co obxectivo de iniciar unha colaboración que frutifique na petición dun proxecto nunha convocatoria competitiva.

O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 144.000 € efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-7G59-64100, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2020. Estas axudas están cofinanciadas no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e Ordenación Universitaria e a USC para o ano 2020 (Actuación: “*Accións piloto Institutos de Investigación*”).

Con cargo a este importe financiaranse 8 proxectos entre os Institutos de investigación recollidos no Anexo I, cun financiamento máximo de 18.000 euros por proxecto.

REQUISITOS PARA OPTAR ÁS AXUDAS

1. Cada proposta de proxecto colaborativo presentada deberá contar coa participación de investigadores PDI adscritos a un Instituto de investigación pertencentes polo menos a dous

grupos de investigación da USC. Pódese contemplar a posibilidade de engadir investigadores PDI de grupos alleos ao Instituto de Investigación.

2. Os investigadores PDI non poderán participar en máis dunha proposta de proxectos colaborativos.
3. As propostas deberán estar vinculadas ós eixes da Axenda Científica do Instituto de investigación, indicando un eixe principal e outro secundario. Adicionalmente, poderá xustificarse o aliñamento da proposta con algún dos eixes transversais do Instituto.
4. Cada Instituto de investigación soamente poderá presentar un **máximo de dúas propostas de proxectos**. Para asegurar a complementariedade e reforzo das estratexias colectivas do Instituto, a presentación formal das propostas de proxectos deberá vir asinada polo Director do Instituto acreditando o coñecemento das mesmas, así como a súa vinculación coa Axenda Científica do Instituto

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do seguinte [formulario normalizado](#). O prazo para o envío das mesmas será de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria interna.

Esta solicitude completarse cos seguintes documentos que lle serán reclamados ao solicitante dende o Servizo de Convocatorias e RRHH de I+D:

1. **Equipo que configura o proxecto de investigación**, no que se incluírán os investigadores PDI participantes, indicando o grupo ao que pertencen. Inclúranse os eixes principal e secundario nos que se enmarca a proposta, así coma os eixes transversais afectados, de xeito xustificado. Xustificarase así mesmo a participación de empresas, ou outros grupos e centros de investigación na proposta. Deberá ir asinada polos investigadores participantes e contará co visto e prace do Director/a do Instituto.
2. **Memoria científica da proposta**, onde se detallará o estado do problema, os obxectivos, e a metodoloxía empregada, así coma un cronograma de actividades e do persoal involucrado nas mesmas. Deberán incluírse uns indicadores de seguimento, por exemplo, publicacións, teses dirixidas, patentes ou rexistros de propiedade ou solicitude de novos proxectos, que se esperan como resultado do desenvolvemento do proxecto.
3. **O orzamento**, no que se poderán considerar os seguintes conceptos financiáveis:
 - a. Gastos de persoal
 - b. Pequeno equipamento e funxible
 - c. Dietas e desprazamentos
 - d. Outros En caso de que a solicitude se integre nun proxecto en marcha de maior dimensión, deberá facerse constar na memoria que en todo caso non poderá exceder as 4.000 palabras.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos que se comunicará a través da lista de distribución da Vicerreitoría de Investigación e Innovación e que poderá consultarse no apartado de [Axudas Propias da web da Vicerreitoría de Investigación e Innovación](#), con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de CINCO días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa

exclusión.

Os solicitantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. A publicación desta listaxe comunicárase a través da lista de distribución da Vicerreitoría de Investigación poderase consultarse no apartado de [Axudas Propias da web da Vicerreitoría de Investigación e Innovación](#).

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos solicitantes a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

O proceso de selección considerará unha avaliación científica externa e unha avaliación estratéxica e de oportunidade que fará a Comisión encargada da xestión da convocatoria.

A avaliación científica desenvolverase por un conxunto de avaliadores externos aos Institutos de investigación. Terá un peso de 65 puntos, co seguinte reparto:

- Viabilidade, considerando a posibilidade de execución en 6 meses: 20 pts
- Avaliación da metodoloxía científica e resultados esperables: 35 pts
- Adecuación do orzamento: 10 pts

A avaliación estratéxica e de oportunidade, que terá un peso global de 35 puntos, considerará o seguinte baremo:

- Aliñamento da proposta cos retos específicos de cada eixo na Axenda Científica (a xustificar). Valorarase ata 15 pts, segundo o grao de adecuación
- Participación e grao de implicación de empresas ou institucións na proposta (a xustificar): ata 5 pts
- Beneficios esperados do proxecto en relación aos obxectivos do Instituto de Investigación (a xustificar): ata 15 pts

A aprobación dun proxecto deberá ter unha avaliación mínima de 60 pts.

COMISIÓNS DE AVALIACIÓN

A comisión externa de avaliación das propostas será escollida pola Vicerreitoría de investigación en base aos proxectos presentados e as áreas de coñecemento dos grupos participantes.

A comisión de selección encargada da avaliación estratéxica e de oportunidade das solicitudes así como resolver esta convocatoria estará composta por:

- Presidente: Vicente Pérez Muñuzuri, Vicerreitor de investigación e innovación.
- Secretario: Manuel Boquete Botana, Xefe do Servizo de convocatorias e RRHH de I+D.
- Vogais:
 - M^{ra} Elvira López Mosquera, Adxunta á Vicerreitoría de coordinación do Campus de Lugo para investigación, transferencia e innovación.
 - Dous representantes designados pola Comisión de investigación delegada do Consello de Goberno.
 - Un/ha representante de cada un dos Institutos de investigación que non teñan relación cos proxectos presentados

Os/as integrantes da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao Reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no antedito.

Logo da convocatoria do Presidente, a Comisión constituirase coa asistencia, como mínimo, do presidente, secretario e o 50% dos restantes membros. Nesta sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión elaborará a proposta de adxudicación que será elevada ao Reitor da USC para a súa adxudicación definitiva.

PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN

A comisión de selección determinará as accións que se financiarán ao abeiro desta convocatoria e o montante económico que recibirá cada unha delas. Poderá consultarse no apartado de [Axudas Propias da web da Vicerreitoría de Investigación e Innovación](#) ademais de notificarse ás persoas interesadas no prazo de 3 días naturais a contar dende a resolución da mesma.

LIBRAMENTO DA AXUDA

As axudas serán transferidas á partida orzamentaria que se determinará no momento da concesión da axuda.

XUSTIFICACIÓN

O seguimento das axudas suporá a presentación dun informe final das mesmas, onde se indicarán os resultados obtidos e a contribución da axuda á consecución dos indicadores establecidos na memoria do Instituto, en particular na contribución ao desenvolvemento de publicacións, teses dirixidas, patentes ou rexistros de propiedade ou solicitude de novos proxectos.

Os gastos deberán realizarse antes do 15 de novembro de 2020, e a xustificación será enviada á Vicerreitoría de Investigación e Innovación antes do 30 de novembro. Os gastos de persoal soamente poderán imputarse ata o 31 de outubro. O incumprimento desta condición suporá a obriga de devolución da cantidade percibida. O crédito da axuda non xustificada será recuperado pola Vicerreitoría.

El Vicerreitorado de Investigación e Innovación organizará unha sesión de presentación dos resultados dos proxectos desta convocatoria ante o conxunto dos investigadores dos Institutos de Investigación, contribuíndo a avaliar os resultados desta convocatoria.

DISPOSICIÓN FINAL

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimo da solicitude presentada.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

A presentación de solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2020

Por delegación do Reitor

(RR do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)

O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzuri

Anexo I: Relación de Institutos de Investigación

- INSTITUTO DE CIENCIAS FORENSES “LUIS CONCHEIRO”
- INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (ILGA)
- INSTITUTO DE ACUICULTURA
- INSTITUTO DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN (ICE)
- INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE AGRARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL (IBADER)
- INSTITUTO DE ESTUDIOS E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA (IDEGA)
- INSTITUTO DE MATEMÁTICAS (IMAT)
- INSTITUTO DE ANÁLISIS QUIMICOS E BIOLÓXICOS (IAQBUS)
- INSTITUTO DE TECNOLOXÍA AMBIENTAL (ICRETUS)